



consorcio audiovisual
de Galicia



Plan de Formación 2008

Obradoiro de dobraxa e lingua

FUNDAMENTOS

Ao cabo de máis de vinte anos de existencia da CRTVG, a dobraxe considérase fundamental como elemento normalizador e normativizador da nosa lingua, e non só pola posibilidade de desenvolver esta actividade en galego, pola consecvente competitividade lingüística co castelán, ou pola súa achega para ver como propia unha parte do audiovisual producido en Galicia, senón polas múltiples disciplinas que é necesario manexar para a correcta execución do oficio.

A tradución (que obriga a verter ao galego realidades históricas, sociais, culturais, lingüísticas, etc. tan diversas e ricas como é quen de ofrecer a cinematografía mundial), o proceso de adaptación-axuste (que esixe un coñecemento profundo a niveis sintácticos, semánticos, fraseolóxicos...), e a propia gravación (onde o manexo da fonética, a prosodia, os recursos expresivos da voz falada, os acentos, etc., son de uso constante e inevitable) fan deste oficio un eido complexo e único que fornece de traballadores cualificados outros campos do audiovisual, dos medios de comunicación ou do teatro.

DESTINATARIOS E METODOLOXÍA

Este obradoiro está dirixido a: todos/as os/as **directores/as, tradutores e lingüistas** con experiencia contrastada na dobraxe e para os que sexa unha actividade laboral prioritaria, na primeira fase; e a todos os **actores e actrices de dobraxe** que teñan esta como a súa profesión principal, na segunda.

Terá un carácter teórico-práctico. Ademais das presentacións teóricas que fagan os docentes, intentarase reproducir as condicións de traballo para experimentar coa práctica e as dificultades que se presenten para confrontar opinións e posteriormente aportar solucións ou liñas de traballo que as emenden.

Farase un estudo polo miúdo de cada unha das fases da produción da dobraxe nos aspectos vencellados á interpretación e á lingua. Prestaráselles atención especial á fonética, á entoación e á voz.

OBXECTIVOS

O obradoiro para directores de dobraxe, tradutores e lingüistas persegue:

1. Xerar un grupo multidisciplinar que solvente os distintos problemas que se presentan no desenvolvemento cotiá desta actividade, e que tire proveito da experiencia única de profesionais con máis de vinte anos de oficio ás costas.
2. Levar a cabo un contraste teórico con especialistas en cada unha das materias, e gozar da posibilidade de experimentar estas achegas.
3. Lograr iniciativas que sirvan para mellorar a calidade específica da dobraxe, e mesmo que incidan nos aspectos socio-lingüísticos empregando a dobraxe como “campo de probas da fala” na procura dunha lingua-padrón:
 - Manuais de estilo.
 - Fondos de gravación de distintos acentos estranxeiros en galego.

- Solucións a realidades sociais, históricas, culturais, etc. exportables a outros eidos do audiovisual e da interpretación. E á inversa, aquelas elaboradas no sistema literario ou en calquera outro ámbito, que enriquezan as que se veñen empregando na dobraxe.
- Fórmulas para potenciar o emprego de variantes dialectais na dobraxe...

O obradoiro para actores e actrices de dobraxe pretende:

Incorporar as solucións adoptadas á dobraxe mediante o estudo e asimilación polo alumnado do curso.

ESTRUTURA

O curso consta de dous módulos independentes, que teñen un prazo de inscrición diferenciado:

Obradoiro para directores de dobraxe, tradutores e lingüistas, de 24 h.

Obradoiro para actores de dobraxe, de 32 h., pendente de convocatoria.

DATAS E LUGAR

O curso vaise celebrar **do 16 de maio ao 20 de xuño** na Sala Audiovisual do Centro Multimedia de Galicia (Rúa do Hórreo 61, 1º · 15702 · Santiago de Compostela).

Obradoiro para directores de dobraxe, tradutores e lingüistas:

Venres 16 e 23 de maio de 10 a 14 h. e de 16 a 20 h., venres 30 de 16 a 20 h. e sábado 31 de 10 a 14 h.

Obradoiro para actores de dobraxe:

Venres 6, 13, 20 e 27 de 10 a 14 h e de 16 a 20 h.

PARTICIPANTES

Un máximo de **18 persoas** en cada fase.

Resérvanse oito prazas para os socios de APRADOGA. De non cubrirse estas prazas, pasarían a libre disposición, en función dos resultados obtidos no proceso de selección.

INSCRICIÓNS

Para inscribirse no curso haberá que cubrir a solicitude que se pode conseguir na sede do Consorcio ou na súa páxina web (<http://www.consorcioaudiovisualdegalicia.org>) e presentala conxuntamente co currículo.

Pódense presentar estes documentos tanto na propia sede, como a través de correo electrónico (formacion@consorcioaudiovisualdegalicia.org, en formato pdf, doc, odt, rtf, txt, jpeg), ou mediante fax (ao número 981 54 58 47).

A data límite para as inscricións é o **10 de maio de 2008**.

PROCESO DE SELECCIÓN

Por **orde de inscrición**, sempre que o **currículo se adecúe aos perfiles** establecidos neste programa.

MATRÍCULA

Rematado o proceso de selección, convocarase telefonicamente ás persoas seleccionadas para a formalización da matrícula.

Para elo, remitirase un correo coas instrucións que deben seguirse e os datos bancarios para realizar o pagamento das taxas establecidas na entidade bancaria correspondente.

Matrícula xeral: 60 €

Matrícula reducida: 30 € (para os membros das entidades colaboradoras - APRADOGA, AAAG, e AISGE-).

PROFESORADO

O curso será impartido por Elisa Fernández Rei, Doutora en Filoloxía Galega, profesora contratada doutora na Facultade de Filoloxía da USC; Marisa Lois, médico foniatra especialista na reeducación e adestramento da voz e Ramón Novo, asesor lingüístico da Televisión de Galicia.

PROGRAMA

Obradoiro para directores e lingüistas

1. Módulo de lingua

- a. Método de control da calidade lingüística
- b. Materiais de apoio
- c. Modelo de lingua
 - O estándar e as outras variedades lingüísticas
 - Outros estilos e rexistros
 - Variedades dialectais

2. Módulo de fonética

- a. Vocalismo
- b. Pronuncias dialectais
- c. Pronuncia de cultismos e neoloxismos
- d. Pronuncia de estranxeirismos e de onomástica estranxeira

3. Módulo de prosodia

- a. Acento, ritmo e entoación
- b. Funcións da entoación
- c. Recursos prosódicos
- d. Encontros vocálicos e entoación

4. Módulo de voz

- a. Calidades de voz
- b. A voz e a postura
- c. Caracterización a través da voz
- d. Recursos para a creación de personaxes

PROGRAMA

Obradoiro para actores de dobraxe

1. Módulo de lingua

- a. Dicionario fonético
- b. Niveis de lingua
- c. Interferencias no galego de lingua interpretada
- d. Locución experimental sobre galego puro

2. Módulo de fonética

- a. Vocalismo
- b. Pronuncias dialectais
- c. Pronuncia de cultismos e neoloxismos
- d. Pronuncia de estranxeirismos e de onomástica estranxeira

3. Módulo de prosodia

- a. Acento, ritmo e entoación
- b. Funcións da entoación
- c. Recursos prosódicos
- d. Encontros vocálicos e entoación

4. Módulo de voz

- a. Calidades de voz
- b. A voz e a postura
- c. Caracterización a través da voz
- d. Recursos para a creación de personaxes

Máis información

Consorcio Audiovisual de Galicia

Rúa do Hórreo 61, 1º · 15702 · Santiago de Compostela

Tfno.: 981 545 063

E-mail: formacion@consorcioaudiovisualdeg Galicia.org

www.consorcioaudiovisualdeg Galicia.org

Horario de atención ao público:

Luns a xoves de 9:00 a 14:00 h. e de 16:30 a 19:30 e venres de 9:00 a 15:00 h.

PROFESORADO

ELISA FERNÁNDEZ REI Doutora en Filoloxía Galega

- Licenciada en Filoloxía Hispánica (subsección Galego-Portugués), pola Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
- Doutora en Filoloxía Galega, pola Facultade de Filoloxía da USC.
- Na actualidade é profesora contratada doutora en Filoloxía Galega, na Facultade de Filoloxía da USC.
- Participou en múltiples proxectos de I+D sobre a fonética, a prosodia, a entoación, a transcripción..., para a Universidade de Santiago de Compostela, a Xunta de Galicia, o Ministerio de Educación e Ciencia, a Unión Europea, así como para entidades privadas, como Telefónica I+D.
- Conta con distintos libros publicados, así como con artigos para revistas especializadas.
- Participou en gran cantidade de congresos con relatorios, conferencias e comunicacións para universidades de España, Alemaña, Francia, Portugal e Reino Unido.
- Foi colaboradora externa, dende 1998 ata 2005, do proxecto Construción dun sintetizador texto-voz en galego que se desenvolve no “Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades”, organismo dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.
- É profesora dende 2005 nos cursos de Voz e Prosodia que se desenvolven na CRTVG no marco da formación continua ofrecida pola compañía aos seus locutores.

MARISA LOIS MARTÍNEZ Medico-foniatra

- Licenciada en Medicina e Cirurxía pola Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela.
- Médico-Foniatra pola Escuela de Especialización Profesional de Foniatría, Universidad de Salamanca. MESTO en Otorrinolaringoloxía (Hospital Provincial de Pontevedra).
- Máster en Logopedia pola Universidade de Santiago de Compostela.
- Diplomada en Disfonías e Terapéutica Vogal, pola Universidade Francesa de Sciences Medicales et Pharmaceutiques. Besançon.
- Diplomada en Audioloxía e Próteses Auditivas, pola Facultade de Medicina de Santiago de Compostela.
- Formada na técnica “Rehabilitación de voz sin laringe” co Prof. Montenegro, Hospital La Beata Mariana, Madrid.
- Socia numeraria da Sociedade Galega de Otorrinolaringoloxía e da Sociedad Médica Española de Foniatría (SOMEF).
- Colaboradora na técnica *Voice Craft* no apartado de anatomía-fisioloxía.

- Directora e colaboradora de distintos cursos, másters e seminarios sobre temas relacionados coa área O.R.L. aplicados á voz e técnica vocal organizados polas universidades galegas, a CRTVG, a Xunta de Galicia, a Sociedade Galega de Otorrinolaringoloxía, organizacións privadas, etc.
- Técnica de voz para o Servizo de Formación da CRTVG.
- Colaboradora en investigación sobre a voz na Universidade de Vigo.
- Conta con distintas publicacións en revistas especializadas e outros medios en temas de voz.

RAMÓN NOVO FOLGUEIRA Asesor lingüístico

- Licenciado en Filoloxía Hispánica, pola especialidade de Galego e Portugués.
- Asesor lingüístico de Televisión de Galicia.
- Foi relator en distintas xornadas, como no I Congreso de Onomástica Galega (*Hábitos de adaptación fonética das vocais medias nos topónimos estranxeiros*), ou no II Congreso de Onomástica Galega (*Variación fonética no nome dos concellos e comarcas de fala galega*).
- Ademais colabora en labores normalizadores na revista mensual *Sprint-Motor*.